

Teresa dos Cucos, Mestra da Memoria 2021

[REDACCIÓN](#)

11:16 26/11/21



Teresa dos Cucos recibindo o Premio Mestre da Memoria

Celebraba a [Asociación de Escritores en Lingua Galega a Gala de Premios Mestras e Mestres da Memoria 2021](#). O Cárcere Vello de Lugo acollía o pasado 29 de outubro unha gala moi especial, que [hoxe podemos ver debullada vídeo a vídeo](#).

Este 2021, a Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG, decidiu facer entrega deste singular recoñecemento a Aurelio Ramos Ogando (de Alén, Xirazga, Beariz), e tamén á nosa Teresa dos Cucos (Teresa Regía Pose), natural da aldea dos Cucos, parroquia de Santiso de Vilanova, concello de Malpica.

Esta brava bergantiñá leva toda a vida “contribuíndo así a manter viva unha parte fundamental da nosa memoria colectiva e o saber popular”, como destaca a entidade. Xa grandes do folclore galego como Mercedes Peón, Xurxo

Souto, Sés, Xabier Díaz, ou as Tanxugueiras teñen reivindicado a súa importancia tras pasar pola súa casa da Pontella a aprender coplas que só permanecen na súa memoria. A televisión non lle é allea e xa ten pasado polo Luar ou o [Alalá](#).

A [Gala](#), na que Teresa estivo arroupada por moita familia, amigos e mesmo representantes do Concello, foi tremendamente emotiva. E máis emocionante foi [o momento da recollida do recoñecemento](#). “Non son merecedora disto, pero digo que estou moi agradecida, moi contenta”, dixo ás portas dos seus 74 anos, antes de cantar un anaco da comparsa de Mens.



Impactante e clarificadora foi a [Laudatio realizada por Xosé Manuel Varela](#). O mestre cerquedán lembrou que a Costa da Morte xa ten sido protagonista nestes galardóns, como o refrendan os premios recibidos por Dolores Macías Pose, unha romanceira das Polafías de Cabana; [o muxián Pazos de Merexo en 2018](#), ou o cormelán Serafín Mourelle. Non deixen de [ver as coplas](#) que [lle botou Teresa dos Cucos](#) durante a Gala.

